WIKIPEDIA

Lingua canuri

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua canuri** é un dialecto continuo falado por aproximadamente catro millóns de persoas en Nixeria, Níxer, Chad e o Camerún, como tamén por pequenas minorías no sur de Libia e por unha diáspora en Sudán. Pertence ao sub-filo sahariano occidental das linguas nilóticas.

O canuri é unha lingua asociada cos imperios Kanem e Bornu, que dominaron a rexión do lago Chad durante mil anos. É hoxe falada principalmente nas terras baixas na bacía do Lago Chad. Foi unha lingua franca tradicional, mais recentemente o seu uso vén decaendo.


A maioría dos que a teñen como primeira lingua hoxe falan tamén o hausa ou o árabe. É utilizada en escolas primarias na Nixeria e no Níxer, sendo posible o seu estudo en nivel PhD.

Canuri

Falado en:	Nixeria Níxer Chad Camerún
Total de falantes:	4 millóns
Familia:	Nilo-sahariana Sahariana Sahariana occidental **Canuri**

Códigos de lingua

ISO 639-1:	kr
ISO 639-2:	kau
ISO 639-3:	varios (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=varios)



Índice

Dialectos

Ethnologue divide o canuri nas seguintes linguas, en canto que algúns lingüistas (Ex. Cyffer 1998) descríbenas como dialectos dunha única lingua:

- Canuri Central
- Canuri Manga
- Canuri Tumari
- Canembu

SIL considera o canuri unha Macrolingua ISO 639 que agrupa as tres primeiras, sendo o canembu outra lingua.

Escrita

O canuri escribiuse co alfabeto *ajami* e árabe até o século XVII, especialmente en contextos de xustiza e relixiosos, desde os últimos catrocentos anos.[1] Máis recentemente vén sendo escrito no alfabeto latino nunha versión padronizada con base no dialecto maiduguri. A actual ortografía foi desenvolvida no inicio dos anos 70 e implementada en 1975 en Maiduguri, Nixeria.

Alfabeto

A ortografía estándar foi desenvolvida pola Unidade de Investigación Canuri e polo Kanuri Language Board sobre comando do Visir Abba Sadiq da etnia bornu[2].

As letras utilizadas son: a b c d e ǝ f g h i j k l m n ny o p r ɍ s sh t u w y z[3]. Obsérvase a ausencia das letras latinas Q, W e X.

Fonoloxía

O canuri presenta tres tons: alto, baixo e decrecente. Presenta un extenso sistema de enfraquecemento de consoantes - exemplo:, *sa*- "eles" + *-**b**una* "comeron" > *za-**w**una* "eles comeron".

Gramática

A secuencia básica das palabras nas oracións en canuri é Suxeito-Obxecto-Verbo.

Notas

1. "Copia arquivada". Arquivado dende o orixinal o 08 de novembro de 2006. Consultado o 24 de novembro de 2011.
2. *Dictionary of the Kanuri language*. Norbert Cyffer, John P. Hutchison, 1990. ISBN 90-6765-412-4]
3. Conforme *alfabeto kanuri —213-99 da República do Níxer* (http://www.sciences.univ-nantes.fr/info/perso/permanents/enguehard/recherche/Afrique/alphabet_kanuri.htm) Arquivado (https://web.archive.org/web/20090627072551/http://www.sciences.univ-nantes.fr/info/perso/permanents/enguehard/recherche/Afrique/alphabet_kanuri.htm) 27 de xuño de 2009 en Wayback Machine. (Chantal Enguehard - Université de Nantes) A letra ‘‘schwa’’ usada no kanuri é en Unicode U+01DD e non U+0259, en maiúscula Ǝ U+018E é non Ə U+018F.

Véxase tamén

Bibliografía

- Norbert Cyffer, *We Learn Kanuri* (book and 2 audio casetes), ISBN 3-927620-01-7, Rüdiger Köppe Verlag: Köln 1993.



Vexa a proba da Wikipedia en ***Lingua canuri (https://incubator.wikimedia.org/wiki/Wp/kr)***

- Norbert Cyffer, *English-Kanuri Dictionary*, ISBN 3-927620-44-0, Rüdiger Köppe Verlag: Köln 1994.
- Norbert Cyffer, *A Sketch of Kanuri*. Rüdiger Köppe Verlag: Köln 1998.

Ligazóns externas

- *Ethnologue* para canuri (http://www.ethnologue.com/show_family.asp?subid=785-16)
- Documento para ISO 639 ident.: kau (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=kau)
- PanAfrican L10n page on Kanuri (http://www.panafril10n.org/wikidoc/pmwiki.php/PanAfrLoc/Kanuri)
- *Alphabet Kanuri* (https://web.archive.org/web/20090627072551/http://www.sciences.univ-nantes.fr/info/perso/permanents/enguehard/recherche/Afrique/alphabet_kanuri.htm)
- Estudos "Kanuri" (http://www.kanuri.net/kanuri_studies2.php?aID=25) *(en inglés)*
- Omniglot – escrita Kanuri (http://www.omniglot.com/writing/kanuri.htm) *(en inglés)*
